

Violencias machistas

como consecuencia da desigualdade de xénero

Dinámica 1. Isto é violencia machista?

Obxectivos didácticos específicos

- Identificar feitos, actitudes e comportamentos discriminatorios e relaciónalos coa violencia machista.
- Visibilizar formas de violencias machistas invisibilizadas ou non identificadas.
- Comprender como os diferentes tipos de violencias machistas forman parte dun sistema machista e patriarcal
- Fomentar o noso posicionamento para romper con estas violencias machistas.

Espazo e recursos

- Presentación de imaxes sobre desigualdades
- Post it
- Papel continuo
- Encerado
- Bolígrafos e/ou rotuladores

Materiais asociados

Presentación "Violencia de xénero" en Outros recursos

Metodoloxía

1

En plenaria, proxectamos imaxes onde aparecen recollidas diferentes desigualdades baseadas no xénero que seguen a existir na nosa contorna (en outros materiais).

Poñemos unha imaxe e preguntamos:

- Que representa esta imaxe?
- Por que pasa?

Unha a unha vamos pasando as imaxes e vamos facendo as mesmas preguntas.

Ao rematar preguntamos:

- Que implica isto na nosa sociedade?
- Estas desigualdades teñen razón de ser?
- Por que se manteñen?
- Pode cambiarse? Como?

- Estas desigualdades teñen algo que ver coa violencia machista? Por que? Como?


Explicamos que todo responde a un sistema social, político e económico que é o patriarcado.

2

Debuxamos un iceberg (similar ao da imaxe) no encerado ou en papel continuo e poñemos na parte baixa "Formas sutís e violencia invisible" e na parte de arriba "Formas explícitas e violencia visible" e dividímonos en grupos.

Cada grupo debe facer un iceberg igual e debe situar nel os diferentes tipos de violencia traballados.

En gran grupo construímos o iceberg, compartindo as reflexións dos diferentes grupos e mostramos a imaxe do iceberg da violencia de xénero para comparalo co noso iceberg:



Pistas para a reflexión

O patriarcado é a forma tradicional de organización social que é a base da desigualdade de xénero. Neste sistema de organización social, político e económico se lle confire máis importancia aos homes, ou ao que se considera masculino, fronte ás mulleres ou ao que se considera feminino. É un sistema de dominio institucionalizado que crea unha situación de desigualdade estrutural baseada na pertenza a un determinado "sexo biolóxico". Ten a súa orixe histórica na familia, cuxa xefatura exerce o pai, e proxectase a todo o sistema socio político que dá poder aos homes no detrimento das mulleres.

Con este sistema de relacións sociais sexo-políticas, os varóns, como grupo social, controlan e someten ás mulleres de forma individual e colectiva, adscribindo á muller a unha serie de funcións produtivas e reprodutivas que a sitúan no ámbito privado do fogar.

Calquera sistema, necesita dunha ideoloxía que o sustente para poder lexitimarse e reproducirse a si mesmo. Neste caso, empregouse a capacidade reprodutiva das mulleres para considerar “natural” que as mulleres se dedicaran ao coidado das súas crianzas e, por ende, ao resto dos membros da súa familia, así como ao coidado do fogar, ademais da adxudicación dunha serie de comportamentos, habilidades, valores, necesidades afectivas, tendencias emocionais e funcións sociais.

Esta ideoloxía, que naturaliza as conductas de homes e mulleres, e a partir desta naturalización lexitímanse as desigualdades por razón de sexo, pon as bases dos roles e funcións adscritos a cada sexo, cuns deberes e obrigacións diferenciadas. Calquera comportamento que se separe ou transgrida estas expectativas, será mal visto e castigado social e individualmente pola sociedade, chegando a empregar a violencia como mecanismo de control para manter ás mulleres no seu espazo.

O machismo e o patriarcado non é unha cuestión persoal, é social.

Este sistema mantense por medio de hábitos, crenzas, costumes, prácticas cotiás, mitos, prexuízos, leis e institucións sociais, relixiosas e políticas que definen e difunden unha serie de roles a través dos cales controla os corpos e vida das mulleres.

Como sinala o traballo da Junta de Andalucía *Sin ningún género de violencia*:

“A violencia é un instrumento para exercer poder sobre outra/s persoas, é unha estratexia de relación aprendida e tolerada, non é innata. Se isto fora así, todas as persoas serían violentas, ou todas as persoas exercerían a violencia da mesma maneira e no mesmo grado. Sabemos que non é así, hai persoas que exercen violencia física, psicolóxica, económica ou simbólica.

Sabemos que a violencia é aprendida porque non sempre a empregamos nas nosas relacións: falamos, negociamos, pactamos, tratamos de comprender o punto de vista da outra persoa e, finalmente, chegamos a un acordo, aínda que non obteñamos o que en principio queríamos.

Por que existen outras formas de relación, sabemos que a violencia é aprendida, a violencia fundaméntase nunha relación de poder. Alguén exerce o poder e alguén o sofre. Pódese exercer empregando moitos mecanismos: maltratar, destruír, ameazar, oprimir, controlar, manipular, chantaxear, sobreprotexer, incapacitar, desprestixiar, silenciar, ocultar, ofender, criticar, ignorar, acosar...

O obxectivo final é o mesmo: impoñer os propios desexos, intereses e necesidades, sobre os desexos, intereses e necesidades da outra persoa”.

A violencia de xénero é a estratexia que emprega o patriarcado para seguir dominando e exercendo poder sobre as mulleres, é a consecuencia de interiorizar o modelo patriarcal onde os homes como grupo teñen uns dereitos e autoridade sobre as mulleres, coa connivencia dun sistema de normalización e naturalización desa subordinación das mulleres.

Dinámica 2. As violencias machistas: violencia estrutural

Obxectivos didácticos específicos

- Visibilizar as discriminacións e violencias machistas que sofren as mulleres no mundo.
- Identificar a violencia machista no mundo e na nosa contorna como unha violación sistemática dos dereitos humanos das mulleres.
- Mostrar todas as formas de violencia machista máis aló da violencia na parella.
- Recoñecer que o que une todas estas formas de violencia es que as sofren as mulleres simplemente polo feito de sêlo.

Espazo e recursos

- Proxector
- Novas
- Internet

Metodoloxía

1

En grupos pedimos ao alumnado que busquen a través de internet novas sobre diferentes formas de violencia machista e discriminacións contra as mulleres, deben apuntar nun papel (con letra grande) os titulares das novas e onde as atoparon.

Non lles damos máis indicacións para ver que tipo de novas buscan: se só buscan formas de violencia machista en países afastados ou tamén identifican violencias na súa contorna; se só buscan na parella ou tamén outras formas en outros ámbitos ou espazos...

Poñemos papel continuo na parede e cada grupo debe colgar os seus papeis cos titulares. Cando todos os grupos o poñan, os repasamos, complementando coas formas de violencias machistas que non saíran buscando que quede recollidas a maioría das seguintes diversas formas de violencia:

Matrimonios forzados: <https://www.amnesty.org/es/latest/news/2016/04/burkina-faso-forced-and-early-marriage-puts-thousands-of-girls-at-risk/>

Uso obrigatorio do velo: <https://www.publico.es/sociedad/silencio-europa-condena-55-anos-carcel-tres-activistas-iranies-negarse-llevar-velo.html>

Mutilación xenital feminina: <https://www.bbc.com/mundo/noticias-47133238>

Explotación sexual: <https://www.publico.es/espana/explotacion-sexual-espana-principales-destinos-trata-mujeres.html>

Violación como arma de guerra:

<https://www.amnistia.org/ve/blog/2017/04/1975/violacion-sexual-como-arma-de-guerra>

Abortos selectivos por sexo:

<https://www.lavanguardia.com/internacional/20190302/46776462982/aborto-selectivo-ninas-montenegro.html>

Agresións e acoso sexual: <https://www.elmundo.es/especiales/agresiones-invisibles/>

https://www.eldiario.es/sociedad/Cuentalo-mujeres-agresiones-sexuales_0_845865994.html

Feminicidios: <https://www.lavanguardia.com/participacion/lectores-corresponsales/20190824/464198229232/feminicidio-violencia-mujer-mexico-violaciones-acoso-asesinatos.html>

Esterilizacións forzadas: https://www.eldiario.es/desalambre/supervivientes-esterilizaciones-forzadas-Peru_0_744726455.html

Acoso rueiro: Vídeo "Al final de la calle" sobre acoso rueiro e a vivencia das mulleres (Francia).

Prohibición educación, feminización pobreza, división sexual do traballo, non dereito a herdar, crimes de honra/dote, ataques con ácido, discriminación salarial, non acceso postos autoridade e poder.

2

A continuación iniciamos o debate en plenaria:

- Que vos parece este mural?
- Teñen algo en común estas novas? Que?
- En España cales identificamos?
- Existe algún país no que non se dean casos de violencias machistas? Por que?
- Existen violencias similares que se dirixan aos homes polo feito de selo? Cales?
- Todo isto ten unha causa común? Cal?

3

Para pechar falamos de como o movemento feminista e centos de mulleres e organizacións de todos os países traballan en contra desta lacra e, como tarefa ou traballo para a seguinte sesión, lles indicamos que deben repartirse as novas que traballaron no seu grupo e investigar a mulleres e organizacións feministas que loiten por acabar con estas formas de violencias.

Dinámica 3. O machismo desde o miudiño (MICROMACHISMOS)

Obxectivos didácticos específicos

- Detectar os micromachismos que presenciamos na nosa vida cotiá.
- Xerar compromiso para combater o machismo invisibilizado e encuberto.

Espazo e recursos

- Folla exemplos micromachismos
- Novas
- Papel continuo
- Encerado
- Bolígrafos e/ou rotuladores
- Folla exemplos micromachismos

Materiais asociados

Artigo: Bonino, Luis: *Micromachismos. La violencia invisible en la pareja*
(https://www.europrofem.org/contri/2_05_es/es-masc/54es_mas.htm)

Requena Aguilar, Ana: *Cómo identificar los micromachismos*, La aventura del saber.

Junta de Andalucía: *Micromachismos. Semana de la Igualdad*.

Metodoloxía

1

Comezamos preguntando ao alumnado:

Que é o machismo? Escoitachedes algunha vez falar de micromachismos? Que credes que quere dicir?

Recollemos os aportes do alumnado e damos unhas pautas sobre o seu significado.

2

Dividímonos en grupos de traballo, a cada un lle repartimos algunha das seguintes novas sobre formas de micromachismos:

<https://www.harpersbazaar.com/es/cultura/viajes-planes/a358298/actitudes-machistas-diarias-mujeres-dia-mundial-violencia-de-genero/>

<https://psicologiyamente.com/pareja/chantaje-emocional-manipulacion>

<http://stopviolenciasexual.org/micromachismos-terminos-nuevos-practicas-antiguas/>

<https://feministailustrada.com/2016/01/28/25-micromachismos/>

<https://www.lavanguardia.com/vida/junior-report/20180307/441319821778/machismo-micromachismos.html>

Cada grupo debe realizar unha pequena peza de teatro para representar algúns dos micromachismos recollidos nas novas.

3

Cada grupo representa a súa obra. Cando un grupo estea representando a súa obra, o resto do alumnado debe ir recollendo os micromachismos identificados. Ao rematar cada grupo compartimos o identificado e intentamos darlle a volta, dando exemplos de como debería darse esa situación sen violencias, que estratexias serían as adecuadas.

4

Como peche preguntamos:

- Que vos pareceu este exercicio?
- Sorprendeuvos algún dos exemplos de micromachismos recollidos nas novas? Cal? Por que?
- De onde se aprenden estas tácticas de control e violencias machistas máis sutís e silenciadas?
- Cal credes que é a maneira de erradicalas?

En lugar de novas tamén se pode traballar por medio de vídeos:

Corto "Comentarios machistas sufridos por las mujeres"

<https://www.youtube.com/watch?v=ArO2vBObWDs>

Vídeo "A mi también.."

<https://www.youtube.com/watch?v=MB-ySGEYF10>

Vídeo "Micromachismos, están ahí aunque a veces no queramos verlos"

https://www.youtube.com/watch?v=Co_z_GbjbHY

Pistas para a reflexión:

Luis Bonino é psiquiatra e foi quen acuñou o termo "micromachismos" no ano 1991. Seguindo o recollido no seu artigo Micromachismos. La violencia invisible en la pareja, "este termo designa ás sutís e imperceptibles manobras e estratexias de exercicio do poder de dominio masculino no cotiá, que atentan en diversos grados contra a autonomía das mulleres. Trucos, chantaxes e manipulacións cos que os homes intentan impoñer ás mulleres as súas propias razóns, desexos e intereses na vida cotiá.

Son de uso reiterado inclusive por aqueles homes que dende o discurso social non poderían ser chamados violentos, abusadores ou especialmente controladores ou machistas.

Moitos destes comportamentos non supoñen intencionalidade, mala vontade nin planificación deliberada, senón que son dispositivos mentais, corporais e de actitude incorporados e automatizados no proceso de “facerse homes”, como hábitos de acción/reacción fronte ás mulleres. Outros en cambio si son conscientes, pero todos forman parte das habilidades masculinas desenvolvidas para situarse nun lugar preferente de dominio e control que manteña e reafirme os lugares que a cultura tradicional asigna a mulleres e homes.

Os modos de presentación dos micromachismo afástanse moito da violencia física, pero teñen á larga os seus mesmos obxectivos e efectos: garantir o control sobre a muller e perpetuar a distribución inxusta para as mulleres dos dereitos e oportunidades”. O termo micro non fai referencia a que se consideren de menor importancia senón que fai alusión a aquilo que é case imperceptible, o que se atopa no límite da evidencia, pero sen chegar a selo.

Bonino clasifica os micromachismos en catro grandes tipos (máis centrados en relacións de parella):

- *Utilitarios*. Afectan principalmente ao ámbito doméstico e aos coidados cara outras persoas, abusando das supostas capacidades femininas de servizo e a naturalización do seu traballo como coidadora. Por exemplo naquelas situacións nas que o home non se implica nas tarefas domésticas ou familiares por que “ela o fai mellor”. Neste caso, obriga á muller a facer o que nunha relación igualitaria debería ser cousa de dos supón unha manobra de imposición de tarefas que, de forma sutil, xera unha importante sobrecarga en ela. Tamén aquelas situacións nas que se sobrevaloran os escasos aportes dos homes mentres se minimiza o recoñecemento da muller como persoa, así como a valía das súas necesidades, os seus valores e dos seus aportes ao benestar psicofísico masculino e familiar.

- *Encubertos*. Son moi sutís e buscan a imposición das “verdades” masculinas para facer desaparecer a vontade da muller, que termina coartando os seus desexos e facendo o que el quere. Como exemplos de micromachismos encubertos atopamos os requirimentos abusivos solapados; abuso da labor de coidado da muller; manobras de explotación emocional; culpabilización do pracer que sente a muller; creación de falta de intimidade; manobras de desautorización. Hai micromachismos nos silencios, nos paternalismos, no “ninguneo”, facerse o tonto e no mal humor manipulador, negación á muller do seu dereito a ser coidada (e imposición do deber de ser coidadora), comparacións vantaxosas (apela a que hai homes peores)...

- *De crise*. Xorden cando elas comezan a romper a balanza da desigualdade na parella. Acostuman a utilizarse en cambios de situación, como, por exemplo, un aumento do

poder persoal da muller debido a cambios na súa vida, ou a perda de poder por parte do home por motivos físicos ou laborais. Ao sentirse ameazado, o home emprega diversas tácticas e estratexias, aumentando a súa cantidade ou a súa identidade coa finalidade de restablecer o seu control na parella, de devolver ao status quo inicial, intrinsecamente ligado cos mandatos de xénero. Como exemplo está o pseudoapoio (apoios que se anuncian sen que materialicen); desconexión e distanciamento/resistencia pasiva (non toma a iniciativa, espera e logo critica); ameazas de abandono; facer méritos (facer agasallos, prometer ser un bo home, facer cambios superficiais); dar mágoa (fortalecendo o rol de coidadora da muller).

-*Coercitivos*. Neles o home usa á forza moral, psíquica ou económica para exercer o seu poder, limitar a liberdade da muller e restrinxir a súa capacidade de decisión. Como exemplos atopamos a intimidación, a toma repentina do control; a apelación ao argumento lóxico do seu poder; o abafo á muller; a insistencia abusiva; control dos cartos; o uso expansivo do espazo físico e tempo das mulleres.

Estes micromachismos pola súa invisibilidade, “van producindo un dano xordo e sostido que se agrava no tempo, sen poder establecer estratexias de resistencia por descoñecer a súa existencia. Xera un estado de ánimo depresivo-irritable en aumento, que xera máis autoculpabilización, resignación e claudicación

Gran parte da eficacia dos micromachismos está dada non só pola súa imperceptibilidade, senón tamén porque funcionan sostidos, avalados e naturalizados pola normativa patriarcal de xénero. Dita normativa non só propicia o dominio para os homes, senón tamén a subordinación para as mulleres, para quen promove comportamentos “femininos” (pasividade, evitación do conflito, compracencia, servizo cara as outras persoas e necesidade de permiso ou aprobación para facer), que elas na súa socialización asumen como propios, e cuxa realización as coloca “naturalmente” nunha posición de subordinación”.

Estas formas son a base do iceberg/escaleira da violencia machista. Acaban combinándose dando lugar a relacións de poder e tóxicas cheas de formas de violencia machista invisibles. Para conseguir erradicalos “mulleres e homes teñen que traballar por desactivar tanto a produción de micromachismos como os efectos que causan. Hai que traballar para que as mulleres logren desenvolver estratexias de inmunización, así como que os homes desactiven os micromachismos dos seus comportamentos e se habitúen a reoñecerlos para motivar cambios cara a apertura igualitaria.

Para elo, é necesario lograr que eles estean dispostos a unha autocrítica sobre o exercicio cotiá do poder e dominio e a recoñecer o efecto de dito exercicio nas mulleres”

Dinámica 4. Detectando a violencia estrutural: analizando as cancións

Obxectivos didácticos específicos

- Identificar as diferentes formas de violencia de xénero que se atopan na cultura popular.
- Deconstruír estas mensaxes machistas e promover a creación de mensaxes positivas, igualitarias e diversas.

Espazo e recursos

- Reprodutor de música
- Cartolinas e rotuladores.
- Papel e bolígrafo.

Metodoloxía

Esta dinámica segue a mesma metodoloxía que outra xa traballada noutra sesión anterior, sen embargo, se non a empregamos antes, pode ser unha boa forma de motivar a reflexión nesta temática ao tratarse dun recurso, a música, moi próxima a súa realidade.

Nesta dinámica podemos levar xa unhas cancións marcadas ou, uns días antes de realizar a dinámica, solicitar ao alumnado que nos digan os grupos musicais e solistas que máis se escoiten na radio, nas discotecas ou nas zonas de encontro. Recollemos eses nomes e buscamos algunhas das súas cancións máis coñecidas e serán as que analizaremos con esta actividade. Tamén podemos contar con algunhas cancións preparadas previamente de artistas como Trap Bud Bunny, Maluma, Romeo Santos...

Podemos preparar tamén o vídeo clip de algunha destas cancións onde se mandan mensaxes sexistas, as mulleres aparecen como obxectos ou presentan actitudes e comportamentos violentos e proxectalos en lugar de reproducir so a canción.

1

Divídense en grupos e a cada grupo se lle da unha copia de cada unha das 3 cancións que vamos escoitar.

Iremos reproducindo unha a unha as cancións para que dentro de cada grupo vaian lendo a letra e poidan contestar as seguintes preguntas:

- De que trata a canción?
- Chámavos algo especialmente a atención?
- Identificas algunha actitude, comentario ou comportamento que supoña violencia machista.
- Son formas de violencia machista que se dan na nosa contorna?

- Por que credes que moitas das cancións mais escoitadas conteñen este tipo de mensaxes?
- Somos conscientes destas mensaxes?
- É posible promover outro tipo de mensaxes e desfrutar da música?

Despois de cada canción e da reflexión grupal compartimos en plenaria as respostas, reflexións e conclusións.

2

A continuación, pídeselle que cada grupo escolla unha das cancións e a modifiquen ou escriban unha letra alternativa a estas cancións.

Como peche en plenaria escoitamos as cancións elaboradas e falamos da violencia simbólica e o efecto que ten nas nosas vidas e no mantemento das desigualdades de xénero.

Dinámica 5. “Será un obxecto, será un produto, será unha muller....”

Obxectivos didácticos específicos

- Identificar a violencia simbólica e as súas consecuencias no mantemento dos estereotipos e desigualdades de xénero.
- Realizar unha visión crítica da publicidade na cosificación das mulleres.

Espazo e recursos

- Proxector
- Fichas de Test obxecto sexual
- Presentación Publicidade sexista

Materiais asociados

Presentación “Publicidade_cosificación” en Outros recursos

Metodoloxía

Esta dinámica volve a empregar exemplos de publicidade, como xa se propuxo noutra dinámica da sesión sobre o proceso de socialización. Empregaremos outros materiais diferentes e serviranos para incidir en todas as mensaxes que nos chegan desde a publicidade e como é necesario desenvolver a mirada crítica para ser consciente das súas consecuencias.

1

Poñemos a presentación de “Publicidade_cosificación” (en outros materiais) e vamos repasando como se representa as mulleres na publicidade, propoñendo preguntas como:

- Atopamos os homes con imaxes como estas? Por que?
- En que situacións poñen ás mulleres estas imaxes?
- Que é o que resaltan estas imaxes con respecto ás mulleres? E aos homes?
- As imaxes teñen sempre vinculación co que se busca vender? Se non é así, que queren vender o mostrar esas imaxes?
- Cando o produto está especialmente dirixido a homes, quen sae e que historia nos intentan mostrar? E cando van dirixidas a mulleres?
- A violencia está presente nestes anuncios? Como? Cara quen se dirixe esa violencia? Por parte de quen?

Dividímonos en grupos de traballo e lles damos dous destes anuncios e repartimos un “Test de obxecto sexual”, que deben aplicar a cada un dos anuncios.

Test do obxecto sexual

Elaborado pola socióloga Carolina Heldman en 2012, a través de 7 preguntas. Existe cosificación se a resposta é afirmativa a calquera delas.

- 1) A imaxe mostra unicamente unha parte ou partes do corpo da persoa?
- 2) Mostra a imaxe a unha persoa sexualizada que actúa como soporte para un obxecto?
- 3) Mostra a imaxe a unha persoa sexualizada que pode ser intercambiada ou renovado en calquera momento?
- 4) Mostra a imaxe a unha persoa sexualizada que está sendo vexada ou humillada sen o seu consentimento?
- 5) Suxire a imaxe que a característica da persoa e a súa dispoñibilidade sexual?
- 6) Mostra a imaxe a unha persoa sexualizada que pode ser usada como unha mercancía ou alimento?
- 7) Trata a imaxe o corpo dunha persoa sexualizada como se foxe un lenzo?

2

Faise a exposición do traballado en plenaria e preguntamos:

- Homes e mulleres aparecen sexualizados nos anuncios? Por que unhas si e outros non?
- Por que credes que é tan común mostrar ás mulleres como cousas ou hipersexualizadas? Que consecuencias ten isto?
- Credes que isto ten que ver coa violencia cara as mulleres? Por que?

3

Para pechar falamos da violencia simbólica e a súa capacidade de crear imaxinarios e referentes que asumimos como normais e que están ligados á idea das mulleres como seres para outros, que existen para estar ao servizo e cumprir os desexos dos outros máis que para si mesmas. Isto reproduce e naturaliza a subordinación das mulleres, sendo unhas das vías para o mantemento das desigualdades de xénero e a normalización das violencias machistas.

Identifícase a hipersexualización e cosificación das mulleres como unha manifestación mais da violencia contra as mulleres: asocia ás mulleres a un obxecto de desexo que unicamente existe para a mirada dos homes e aparece representando situacións de violencia, humillación e infantilización, que ademais produce a súa deshumanización.

Pistas para a reflexión

A violencia simbólica é o sistema que normaliza as violencias. O termo violencia simbólica alude a todo un sistema social e cultural que oculta as relacións de poder entre mulleres e homes e reproduce discursos que naturalizan as desigualdades e, polo tanto, as perpetúan. É dicir, trátase do sistema que serve para soste a desigualdade (o que está na parte do iceberg oculta).

Este tipo de violencia maniféstase a través do simbólico, as referencias sociais e culturais: cancións, chistes, publicidade, medios de comunicación, cine...etc. Ao estar vinculado ao simbólico ten unha ancoraxe moi forte, xa que se apoia en mitos e imaxinarios sociais compartidos e moi interiorizados. Por iso resulta sutil, invisible, difícil de identificar.

As mensaxes que se transmiten como parte desta violencia simbólica son de diversa índole:

- Burlas sobre o que fan as mulleres e desconfianza por como son. De igual maneira, burlarse de homes que teñen gustos ou comportamentos considerados femininos como elemento negativo. Este tipo de mensaxes transmítense moi eficazmente a través de refráns e chistes.
- Cosificación do corpo das mulleres e vincellar o seu éxito unicamente á súa beleza: onde máis claramente se reflicten estas mensaxes é a publicidade.
- Mensaxes que infravaloran as capacidades e autoridade das mulleres, sobre todo en ámbitos tradicionalmente masculinos.
- Uso sexista da linguaxe que invisibiliza ás mulleres e emprega termos despectivos para as mulleres con comportamentos considerados masculinos, insultos para controlar a súa autonomía sexual.
- Mensaxes que normalizan as desigualdades entre mulleres e homes: certas ideas estendidas socialmente sobre o que supostamente é "natural" nas mulleres e nos homes, que levan a estereotipar e limitar as capacidades e habilidades das mulleres. Un exemplo claro son os catálogos e campañas de publicidade de xoguetes, que presentan unha realidade totalmente disgregada e separada para nenos e nenas, a partir de supostas habilidade ou gustos diferentes pola súa natureza feminina ou masculina.
- Invisibilizar ou minusvalorar o aporte das mulleres nos diversos ámbitos ao longo da historia. Tamén implica non valorar os traballos e ámbitos tradicionalmente considerados femininos...

A maioría destas mensaxes pasan desapercibidas, por que están moi normalizadas e naturalizadas. Incluso aquelas mais brutas e directas, que a maioría da xente definiría como abertamente machistas, sóense considerar mensaxes inofensivas, e leva a menosprezar a quen as cuestiona.

Esta violencia simbólica é unha maneira de exercer o control, naturalizando a subordinación das mulleres. É un medio para lexitimar socialmente a persistencia de relacións xerárquicas de poder que potencian o considerado masculino. Isto é, contribúe a reproducir as causas da violencia machista cara as mulleres e nenas.

Estas mensaxes constitúen violencias que se emiten dende diferentes fronteiras de maneira continua e acaban creando un imaxinario que asumimos como referente, moitas veces tan normalizado e, en ocasións, tan sutil, que se mantén e reproduce continuamente, sen ser identificado como perigoso e, por tanto, sen ser afrontado. Todo isto vai creando violencia.

Dinámica 6. “Que é violencia sexual”

Obxectivos didácticos específicos

- Fomentar o debate e reflexión acerca da violencia sexual.
- Visibilizar as diferentes violencias sexuais invisibilizadas.
- Eliminar mitos e crenzas erróneas acerca da violencia sexual.
- Favorecer a prevención e detección da violencia sexual na poboación adolescente.

Espazo e recursos

- Fichas coas frases

Materiais asociados

Gallego Vega, Raquel (coord.), 2018: *¿Qué sabemos sobre violencia sexual? Ficha didáctica*, Fundación Mujeres.

Metodoloxía

1

Dividimos ao grupo en parellas. A cada parella lle damos unha frase e teñen que responder a súa pregunta e explicar por que cren iso.

Mentres traballan en parellas repartimos a cada persoa dúas tarxetas: unha onde poña un SI e outra na que poña NON.

2

Cando todas as parellas rematen o seu traballo, pasamos a expoñelo en plenaria. Van saíndo de parella en parella e len a súa frase en alto, antes de explicar o traballado o resto do alumnado debe tamén responder a pregunta levantando a tarxeta de SI ou NON.

Logo a parella explicará que responderon e por que.

3

A continuación preguntamos:

- Os que contestaron o contrario, por que o credes?
- Os que responderon o mesmo, estades de acordo coa resposta ou teñen outro argumento?
- Alguén despois de escoitar os outros argumentos mudou da súa opinión inicial? Por que?
- Que consecuencias pode ter un acto como este?
- Credes que a maioría da sociedade responderían igual? Por que?

- Nos casos no que hai unha situación, como credes que actuariades nun caso como este?
- Por que a inmensa maioría da violencia sexual vai dirixida a mulleres? De onde ven este actuar?
- Como podemos acabar con esta violencia sexual? Onde hai que poñer o foco?

FRASES

- 1) A PORNOGRAFÍA XERA MÁIS VIOLENCIA SEXUAL E MÁIS AGRESORES?
- 2) VAS POLA RÚA E UN GRUPO DE RAPACES DESCOÑECIDOS PIROPEATE, ISO É VIOLENCIA SEXUAL?
- 3) UN RAPAZ E UNHA RAPAZA COÑECENSE NUNHA DISCOTECA. ELA BEBEU MOITO, É VIOLENCIA SEXUAL SE O RAPAZ APROVEITA A SITUACIÓN PARA BICALA?
- 4) SE DENTRO DUNHA PARELLA, EL QUERE MANTER RELACIÓNS SEXUAIS PERO ELA NON, PODE ESIXIRLLO?
- 5) DEBERÍA SER O ASPECTO FÍSICO UN CRITERIO A CONSIDERAR NA SELECCIÓN LABORAL DAS MULLERES, SOBRE TODO EN CASOS COMO OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN?
- 6) SE UNHA RAPAZA ESTÁ NUNHA FESTA E UN RAPAZ, APROVEITANDO A AGLOMERACIÓN, LLE TOCA O CÚ SEN O SEU CONSENTIMENTO. É VIOLENCIA SEXUAL?
- 7) SE UNHA RAPAZA VAI CON MINIFALDA E ESCOTE POLA RÚA. PODE ESTAR PROVOCANDO ALGUNHA SITUACIÓN DE VIOLENCIA SEXUAL?
- 8) SE UNHA PERSOA POSEE FOTOS ÍNTIMAS DA SÚA PARELLA, PODE EMPREGALAS COMO DESEXE, DIFUNDINDOAS OU PUBLICANDOAS SE ASI O CONSIDERA?
- 9) SE UN HOME VIOLA A UNHA MULLER, É POR QUE TEN ALGÚN PROBLEMA DE SAÚDE MENTAL?
- 10) SE ESTÁ S NUNHA FESTA E A PERSOA COA QUE ESTÁ S INTENTANDO LIGAR DACHE UNHA NEGATIVA, DEBES INSISTIR?

1) A PORNOGRAFÍA XERA MÁIS VIOLENCIA SEXUAL E MÁIS AGRESORES?

A pornografía é unha manifestación de violencia simbólica contra as mulleres, erotizando a violencia sexual delas. A pornografía no momento actual ten dispoñibilidade e accesabilidade 24 horas a través da internet, fai que, sobre todo mozos cada vez máis novos accedan a contido violento, misóxino e centrado na sexualidade masculina, converténdose no seu referente sobre a sexualidade e as relacións sexuais desiguais con mulleres. O home aparece como o suxeito que ten desexo sexual e a muller é o obxecto que vai utilizar para satisfacer ese desexo. Elas preséntanse así como algo carente de sentimentos, desexos, alguén deshumanizado.

Este tipo de contido crea un imaxinario moi machista, violento e totalmente afastado da realidade. Ademais o feito de que cada vez a industria da pornografía teña máis peso e unha demanda cada vez maior, fai que parte dos contidos se dean con prácticas cada vez máis violentas e baseadas na submisión das mulleres (violacións, mulleres simulando ser menores...).

A pornografía en idades cada vez máis temperas conduce a ter expectativas pouco reais, desiguais e distorsionadas de mulleres e homes así como das relacións sexuais.

2) VAS POLA RÚA E UN GRUPO DE RAPACES DESCOÑECIDOS PIROPEATE, ISO É VIOLENCIA SEXUAL?

SI. Os piropos son valoracións machistas e non solicitadas que cosifican á muller. Un piropo asume que os homes poden valorar o corpo das mulleres, situando ás mulleres nunha situación intimidatoria, hostil e humillante, dando por suposto que a rúa é espazo para eles e onde elas podan ser acosadas sexualmente e por tanto non andar libremente.

3) UN RAPAZ E UNHA RAPAZA COÑECENSE NUNHA DISCOTECA. ELA BEBEU MOITO, É VIOLENCIA SEXUAL SE O RAPAZ APROVEITA A SITUACIÓN PARA BICALA?

SI. Cando unha persoa non está en condición de dar o seu consentimento nin manifestar o seu desexo para manter unha actividade sexual estamos ante violencia sexual.

4) SE DENTRO DUNHA PARELLA, EL QUERE MANTER RELACIÓNS SEXUAIS PERO ELA NON, PODE ESIXIRLLO?

NON. Calquera relación sexual debe levar consigo o consentimento e desexo por parte de ambas partes. Se se forza a manter unha relación sexual é violación, da igual que

esta sexa no ámbito da parella ou non. Ninguén debe sentirse obrigada nin presionada ou chantaxeada para manter relacións sexuais.

5) DEBERÍA SER O ASPECTO FÍSICO UN CRITERIO A CONSIDERAR NA SELECCIÓN LABORAL DAS MULLERES, SOBRE TODO EN CASOS COMO OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN?

NON. Se analizamos os telexornais e os programas vemos que si que hai unha prevalencia de mulleres mozas e que responden ao modelo imposto de beleza, cousa que non se dá no caso dos homes, no que gran parte son homes maiores que se valoran unicamente polas súas habilidades/saber comunicar.

O feito de que só se impoña para as mulleres o ser mozas e guapas mentres nos homes non importa, segue a promover a idea de que nas mulleres a beleza é símbolo de valor. Isto segue promovendo un criterio diferencial, e concibe as mulleres como obxectos sexuais, favorecendo a cosificación da muller e non valorar de igual forma as súas habilidades profesionais que quedan relegadas a un segundo plano.

6) SE UNHA RAPAZA ESTÁ NUNHA FESTA E UN RAPAZ, APROVEITANDO A AGLOMERACIÓN, LLE TOCA O CÚ SEN O SEU CONSENTIMENTO. É VIOLENCIA SEXUAL?

SI. Supón tocar o seu corpo sen o seu consentimento nin desexo.

7) SE UNHA RAPAZA VAI CON MINIFALDA E ESCOTE POLA RÚA. PODE ESTAR PROVOCANDO ALGUNHA SITUACIÓN DE VIOLENCIA SEXUAL?

NON. Nada do que faga ou como se vista unha muller pode ser xustificación para unha agresión sexual. Danse violacións en mulleres con todo tipo de vestimenta ou comportamentos. A única razón pola que se producen violacións é por que hai violadores.

Ademais, este tipo de afirmacións busca minimizar a súa responsabilidade situando aos homes como irracionais e suxeitos a impulsos sexuais incontrolables. Na realidade tanto homes como mulleres temos a mesma posibilidade de decisión sobre os nosos actos e ningunha das circunstancias da propia muller pode provocar violencia sexual.

É dicir, non provoca ningunha das circunstancias nas que se atope ningunha muller (vestimenta, comportamento, lugares frecuentados, horarios, etc.) senón que é o machismo que teñen os agresores na cabeza

8) SE UNHA PERSOA POSEE FOTOS ÍNTIMAS DA SÚA PARELLA, PODE EMPREGALAS COMO DESEXE, DIFUNDINDOAS OU PUBLICANDOAS SE ASI O CONSIDERA?

NON. Se unha persoa posúe calquera tipo de material de tipo sexual ou que comprometa a intimidade de outra, non ten dereito a facer ningún tipo de uso con el. Se ese envío se baseou na confianza e no envío limitado a esa persoa, deberá manterse nese ámbito privado.

9) SE UN HOME VIOLA A UNHA MULLER, É POR QUE TEN ALGÚN PROBLEMA DE SAÚDE MENTAL?

NON. Existen moitos mitos en torno aos agresores machistas que aluden a un suposto perfil de home. A realidade é que non existe un perfil de home violador. Calquera home, independentemente das súas características, pode decidir levar a cabo unha agresión sexual ou non. Non depende de factores como enfermidades mentais, consumo de drogas, clase social...

10) SE ESTÁS NUNHA FESTA E A PERSOA COA QUE ESTÁS INTENTANDO LIGAR DACHE UNHA NEGATIVA, DEBES INSISTIR?

NON. Cando recibimos unha negativa, insistir constitúe unha forma de acoso, e sitúa á persoa que xa se negou nunha situación adversa.

O mito de que as mulleres din "non" cando queren dicir "si" é unha escusa machista para non valorar a palabra das mulleres como válida, e ter unha escusa para seguir poñendo por diante os seus desexos sen importar os desexos das outras.

A finalidade desta dinámica non só busca rachar cos mitos que rodean a violencia sexual identificada (violación, abuso sexual...) e situar a responsabilidade dos rapaces e homes para non ser cómplices nin agresores, senón que tamén busca destapar todas as demais agresións sexuais que están normalizadas e, que por iso, algunhas veces non se detectan e/ou non se lles dá a suficiente importancia. Con moita frecuencia confúndense con bromas ou actos de pouca relevancia, sen distinguir que unha broma é algo que fai gracia e a agresión é algo violento, que molesta e fai dano.

Dinámica 7. Cultura de la violación

Obxectivos didácticos específicos

- Identificar a normalización da violencia sexual das mulleres.
- Coñecer que é a cultura da violación e identificar como invisibiliza moitas formas de violencia sexual cara as mulleres
- Analizar as mensaxes sexistas que nos envían no ámbito da violencia sexual contra as mulleres presentes na nosa realidade

Espazo e recursos

- Novas con exemplos de cultura da violación (#Me too, #Cuentalo, sentencia de la Manada San Fermín, manifesto "Soy reputa", performance de La Tesis de Chile "tú eres el violador"...)

Materiais asociados

Manifesto "Soy reputa"

https://verne.elpais.com/verne/2016/10/19/articulo/1476870479_061601.html

Performance de "La Tesis" de Chile "el violador eres tú"

<https://www.youtube.com/watch?v=r0gJIXVgx-A>

Estratexias frear a cultura da violación

<https://smoda.elpais.com/moda/actualidad/estrategias-frenar-cultura-violacion/>

Sentencia abuso "La Manada":

https://elpais.com/politica/2018/04/26/actualidad/1524742454_508812.html

Twitter: historias de violencias machistas contadas polas mulleres para visibilizar como a violencia machista

....

Metodoloxía

1

Preguntamos en plenaria se algunha vez escoitaron falar da "cultura da violación" e de que cren que fala. Recollemos as súas impresión e explicamos que é a cultura da violación (ver pistas para a reflexión ao final da dinámica).

2

En pequeno grupo repartimos algunha nova, vídeo ou páxina de twitter ou facebook que mostren exemplos de cultura de violación exposta por outras persoas ou narradas

en primeira persoa polas propias mulleres. Terán que recoller cales son os principais argumentos que se empregan para normalizar e minimizar a violencia sexual contra as mulleres.

Compartimos o traballado por todos os grupos e a continuación en plenaria debatemos:

- Credes que isto se da moi a miúdo? Por que está tan normalizado? De onde ven a súa naturalización?
- Que mecanismos, prácticas, ideoloxía ou institucións a nutren?
- E como facemos fronte a isto? Que é necesario mudar ou transformar?

Pistas para a reflexión

A cultura da violación é un termo que foi empregado por primeira vez nos anos 70 polas feministas dos Estados Unidos. Este concepto fai referencia á normalización e a aceptación da violencia sexual cara as mulleres e a todas as maneiras coas cales a sociedade culpabiliza á vítima da súa propia violación/abuso sexual.

A cultura da violación manifestase de varias maneiras, sendo algunhas das mais empregadas:

- culpar á vítima da agresión sexual pola súa forma de comportarse, a súa actitude, o lugar onde ocorreu...
- aconsellar ás mulleres que actúen de determinadas maneiras para así eviten ser violadas;
- normalizar o acoso na rúa como un feito menor e alegando que depende de que ou como cho digan; o mesmo pasa cos tocamientos sen consentimento en lugares públicos e ateigados ou outras situacións de acoso verbal e sexual, exhibición en diferentes contextos e situacións
- trivializar as agresións sexuais (se cantan, se anuncian, se fan bromas...)
- ignorar e poñer en dúbida as acusacións sobre violencias sexuais cuestionando as intencións das mulleres ao denuncialo
- asumir que os homes non poden ser violados.

Nesta cultura da violación o agresor desaparece, parece que se minimiza a súa responsabilidade absoluta na agresión, xustificándoo moitas veces a través de mitos que aluden ao consumo de drogas, enfermidade mental, provocación/impulso sexual incontrolable...

Nesta cultura da violación xoga un papel central os medios de comunicación que seguen a reproducir certa violencia como sexy e a sexualidade como algo moi próximo á violencia contra as mulleres: isto pode verse na televisión, no cine, nas bromas, na publicidade, as leis, a pornografía, a prostitución....



LA CULTURA DE LA VIOLACIÓN O "RAPE CULTURE" ES UN ENTORNO DONDE LA VIOLENCIA SEXUAL CONTRA LAS MUJERES ESTÁ NORMALIZADA Y EL TEMOR A SUFRIR UNA VIOLACIÓN ES CONSTANTE. EXISTEN VARIOS INDICIOS DE QUE VIVES EN UNA CULTURA DE LA VIOLACIÓN. ¿RECONOCES ALGUNO?



FUENTE: "Rape Culture" - MARSHALL UNIVERSITY

 [TWITTER.COM/PICTOLINE](https://twitter.com/pictoline)

Variante “De troula sen violencia”

Obxectivos didácticos específicos

- Identificar formas de violencia sexual normalizadas.
- Rachar cos mitos en torno ao ocio nocturno e a violencia sexual

Materiais asociados

Tarxetas #EsViolenciasexual Noctámbul@s

Proxector

Vídeo Noctámbul@s

Metodoloxía

1

Dividímonos en 6 grupos. A cada grupo se lle dá unha tarxeta da campaña #EsViolenciasexual do Observatorio Noctámbul@s. Só repartimos a parte dianteira da imaxe cunha frase sobre violencia sexual.

Cada grupo debera pensar a quen vai dirixida esa tarxeta e que é o que busca xerar na persoa que o vai ler. Unha vez definido isto, teñen elaborar un contido con explicación/preguntas/argumentos sobre a imaxe e frase que lles tocou. Teñen que pensar que ese contido irá por detrás da tarxeta, así que non pode ser moi longo, e ten que estar dirixido ao colectivo ou colectivos que se definiron como destinatarios da campaña.

2

Facemos unha posta en común. Despois da presentación de cada grupo, o resto analizaremos o que realizaron, facendo achegas. Despois proxectaremos a parte de atrás real da tarxeta da campaña, vendo se apuntamos a mesma mensaxe e persoas/colectivo/s destinatarios ou tiñamos obxectivos diferentes.

3

Para pechar proxectamos o vídeo do Observatorio Noctámbulas “El sexismo sale de fiesta” que aborda a violencia sexual e o sexismo nos espazos de ocio.

Trala proxección preguntamos ao grupo:

- Que vos pareceu?
- Isto ocorre en lugares de festa e ocio?
- Segue presente a chaqueta do patriarcado?
- Estas situacións se identifican con violencia machista? Por que?

Dinámica 8. Non agridas

Obxectivos didácticos específicos

- Identificar as causas e da violencia sexual.

Espazo e recursos

- Papel continuo
- Rotuladores
- Revistas
- Tesoiras
- Cola
- Outros materiais para actividades manuais.

Metodoloxía

1

Dividimos ao alumnado en grupos. Pedímoslles que se imaxinen que os contratan para deseñar unha campaña que inclúa unha guía de consellos para previr agresións sexistas.

Cada grupo debe deseñar un cartel, un adhesivo ou mural cun slogan e escribir 10 consellos dirixidos aos homes. Poden engadir 3 mensaxes dirixidas a mulleres, sempre que estea claro que non son culpabilizadas de ningunha forma ou por ningún motivo.

Teñen que decidir:

- Slogan: unha frase ou unha mensaxe clara e directa cara os homes
- Sobre o cartel/adhesivo/mural: a quen nos diriximos?, que imaxe acompañaría ao noso slogan? Que emocións/idea/reflexión queremos xerar.
- Sobre os 10 consellos: pensar que é o que mantén a violencia sexual, como podemos acabar coa súa normalización e invisibilización.

Hai varias iniciativas que teñen este enfoque, podemos mostrarllas antes de iniciar o grupo de traballo se vemos que se atascan ou ao final para que o traballo dos grupos non estea condicionado e sexa máis libre.


2

Expoñemos os murais/carteis/adhesivos cos slogans pola aula. Unha vez que todo o alumnado ve todos os traballos, cada grupo diante da súa obra vai presentar o decálogo cos consellos.

No encerado a persoa facilitadora irá apuntando todos os consellos. Unha vez rematen imos analizando un por un cada consello, unindo os que se semella, modificando ou descartando aqueles que non sexan adecuados ou non sexan decididos polo grupo en plenaria.

Ao final da sesión teríamos un decálogo que recolle os consellos dirixido aos homes para previr as agresións sexistas e os traballos artísticos, cos que se queremos, podemos organizar algo para amosar o traballo no centro educativo.

Causas de la violación



- El alcohol
- Tu ropa
- Las fiestas
- Las calles solitarias
- Los violadores



© Rodchenko & Siegemund Archives, DACS, EAO, 2011

10 Consejos Básicos Anti-Violación

- 1 No pongas drogas en las bebidas de las mujeres.
- 2 Si ves a una mujer caminando sola por la calle, déjala tranquila.
- 3 Si te detienes para ayudar a una mujer cuyo automóvil se ha averiado, recuerda no violarla.
- 4 Si estás en un ascensor y una mujer entra, no la viones.
- 5 Nunca te cueles en casa de una mujer por una ventana o puerta sin pestillo. No la asaltes en el aparcamiento, ni la viones.
- 6 ¡PIDE AYUDA A TUS AMIGOS!
Si eres incapaz de abstenerte de agredir personas, pide a un amigo que te acompañe cuando estés en lugares públicos.
- 7 No lo olvides:
no es sexo si lo haces con alguien dormido o inconsciente - ¡es VIOLACIÓN!
- 8 Lleva contigo un silbato si te preocupa que puedas atacar a alguien "por accidente", puedes entregárselo a la persona con la que estés para que pida ayuda.
- 9 No lo olvides: la honestidad es la mejor política.
Si tienes la intención de tener sexo más tarde con tu cita independientemente de lo que ella quiera, dile directamente que existe una gran probabilidad de que la viones. Si no comunicas tus intenciones, ella podría tomarlo como una señal de que no planeas violarla e, inadvertidamente, sentirse a salvo.
- 10 No viones.

Más info, ideas y originales en: www.thisisnotaninvitationtorapeme.co.uk
www.notever.co.uk

Adaptación al español en: esceptica.org